



15 de marzo do 2021

NOTA DE PRENSA

Na tarde do día arriba amentado tivo lugar, en sesión telemática, a xuntanza do xurado que decidiu o IX Premio Manuel Lueiro Rey de Poesía, constituído por Luís Cochón, en calidade de presidente (que participou da deliberación vía telefónica), e mais os vogais Emma Pedreira, Xerardo Quintiá, Mercedes Queixas e Armando Requeixo, amais de por Carmen Carreiro, coordinadora do premio, que actuou como secretaria con voz e sen voto.

Logo dunha longa e intensa deliberación, o xurado decidiu outorgar por maioría de votos o premio ao poemario presentado baixo o título *As vaidosas agonías*, texto que se impuxo aos outros trinta e sete traballos presentados e que, unha vez aberta a plica, resultou ser da autoría de Xurxo Alonso.

O xurado destacou o bo nivel dos orixinais recibidos, así como a súa diversidade tanto estilística coma temática. O certame, que chega agora á súa novena convocatoria, consolida así a súa andaina coa colaboración tanto do Concello de Fornelos de Montes, lugar natal do escritor que dá nome ao premio, coma Edicións Xerais de Galicia, responsable da publicación do volume gañador, que verá luz o vindeiro mes de setembro e será presentado no acto de entrega do premio en Fornelos de Montes.

O xurado estimou en *As vaidosas agonías* a impecable dicción e fluencia harmónica dunha escrita arroupada por unha imaxinería fulgurante, que aborda con lucidez a loita do eu ante a ruína dun mundo que esfarela e no que cómpre soerguerse nas azas da palabra. O verso longo, a habelencia rítmica e o amplo caudal de voces e citas que incorporan estes poemas fan do conxunto unha obra de moi elaborada arquitectura e grande ambición estética.

Por se fose do seu interese, poden contactar co gañador no teléfono 986500680.

Así mesmo, estamos á súa disposición como organizadores do certame no teléfono 698173669 e mais no enderezo electrónico carreiro.mc@gmail.com

A organización do Premio
Manuel Lueiro Rey de Poesía